

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 07/04/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Lista de non asistentes

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 07/04/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 31-mar-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/1122

Visto o escrito presentado pola Federación Galega de Tenis, no que informa que vai a organizar a Campionato Galego de Pickleball os días 26 e 27 de abril, polo que solicita o seguinte:

Data de celebración: 26 e 27 de abril (montaxe o 25 de abril)

Horario: de 10:00 a 21:00h. (montaxe de 19:00 a 21:00h)

Instalación solicitada: Pista do Parque de A Xunqueira. En caso de choiva necesitaríamos unha instalación cuberta, polo que se solicita tamén o pavillón de Fexdega nun espazo similar en m2 ao da pista do parque de A Xunqueira.

Barreras New Yersey para separar pistas (16-20 piezas)

2 carpas con lastres

Material publicitario: Arco hinchable, Totems, banderolas.

Megafonía.

Punto eléctrico para instalar megafonía.

Vestuarios con duchas.

Presentación no Concello de Vilagarcía (data a concretar) e presenza das autoridades para disputar partido de exhibición e para a entrega de trofeos.

Vista a Resolución ddo Presidente da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización para a celebración do Campionato Galego de Picklball os días 26 e 27 de abril, no Parque de A Xunqueira, así como a ocupación o día 25 de abril, de 19:00 a 21:00 horas para montaxe do evento, así como a colaboración municipal solicitada.

PRP2025/1185

Dáse conta do escrito presentado por D. Moisés Campos Maneiro, en representación da Asociación Enanito de las Uvas solicitando autorización para ocupación de vía pública en A Alameda-Carril para instalar unha carpa dunha superficie aproximada de 400 m² con motivo da celebración do Terceiro Xantar de San Fidel de Carril o día 17 de maio de 2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta a Portos de Galicia, por ser o titular dos terreos, aos efectos oportunos.

PRP2025/1191

Dáse conta do escrito presentado por D. Norberto Garanger Castro, como Presidente da Asociación Cultural San Pedro dos Duráns, solicitando autorización para ocupación de vía pública os días 27, 28 e 29 de xuño de 2025 na Avda. López Ballesteros (diante da Estación de Autobuses), con motivo da celebración das festas de verán na honra de San Pedro no Barrio de Os Duráns.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1201

Dáse conta do escrito presentado por Dona Daisy Alcalde Monteagudo, en representación da Asociación O Soño de Lilith, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza da II República ou na Praza de Galicia o día 24 de maio de 2025, ás 11:30 horas para presentación do Festivala, así como autorización para realización do "Festivala: Mulleres Creando" que terá lugar

os días 30 e 31 de maio de 2025 en diversos espazos (Praza II República, Praza da Peixería, Auditorio Municipal, etc).

Visto o informe da Policía Local acordase conceder a ocupación de vía pública solititada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1216

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Distribuciones y Bebidas Pousada SL para o subministro de Botellóns de auga para os distintos Servizos do Concello durante un ano, por un importe de 6.755 €/ano, IVE incluído (90 botellóns de 20 litros ao mes e subministro de 30 packs de 24 botellins de auga ao ano, de 0,5 litros) con cargo á partida 221.16201 Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1268

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sepy Medical SLU, para o subministro dunha caixa de 25 dispositivos de kit de detención de drogas, por un importe total de 677,84 € (IVE incluído), con cargo á partida 132-22199. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1299

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que no carril de circulación da rotonda situada na Praza da Estación, existe un afundimento considerable do pavimento aglomerado asfáltico.

Ponse o citado dato en coñecemento do responsable da Estación de ADIF Vilagarcía, que informa que tomarán medidas circulatorias ata a súa reparación. A modificación da circulación proposta consiste en anular a vía de acceso e obrigar aos vehículos a acceder pola marxe esquerda da glorieta, debendo ser a saída polo vial de saída da zona de estacionamento.

Indica así mesmo o responsable da estación que a subsanación da deficiencia podería demorarse varios meses.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir a ADIF para que proceda á subsanación da deficiencia indicada á maior brevidade posible, xa que, causa molestias aos usuarios do servizo do tren, ademais de ser un perigo para a circulación rodada.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/1246

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de MARZO 2025,

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

Atención educativa: 15.565,38€

Comedor: 6.274,27€

Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 9 de Agosto de 2024 en concepto de

Atención educativa: 9.231,21€

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar do pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de XANEIRO 2025.

Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de marzo 2025: 31.070,86€, con cargo á partida 323.48007.

EMPREGO

PRP2025/1255

Vista a proposta da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) A aprobación do gasto correspondente á contratación do servizo de reparto a domicilio para a praza de abastos de Vilagarcía, por período de 12 meses a partir do vindeiro 15 de abril de 2025.
- a) A adxudicación do contrato á empresa CAYLU DELIBERY S.L. CIF, 01988567, por contía de 14.520 Euros IVE incluído, a razón de 1.210,00€ mensuais, IVE engadido, con cargo á partida orzamentaria 4311-22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1264

Dáse conta do escrito presentado por VERONICA RODRIGUEZ GONZALEZ renunciando á axuda concedida dentro do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2024, A XGL na sesión de 16 de decembro de 2024, acordou conceder a VERONICA RODRIGUEZ GONZALEZ, NIF: 35469228P, unha axuda dentro do programa de referencia, por contía de 407,53 € CON CARGO Á PARTIDA 241-470

Con data 31 de marzo de 2025, a interesada presenta escrito renunciando á axuda, remitindo resgardo acreditativo da cantidade recibida por dito concepto, o cal se une ao expediente.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a renuncia formulada por VERONICA RODRÍGUEZ GONZALEZ - NIF: 35469228P , dando traslado da mesma á intervención e tesourería municipal, aos efectos que procedan.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/1225

Polo Director da Escola Municipal de Música dáse conta da realización dun concerto didáctico por parte do profesorado da Escola Municipal de Música “Bernardo del Río”, coa denominación “Clásicos Divertidos Século XX”, actividade proposta polo claustro de profesores, promovida pola Concellería de Educación.

Trátase dun concerto no que participará o alumnado de 6º curso de Infantil e 1º curso de Educación Primaria, así como tamén, alumnado do CEE de Vilagarcía e das EEI de Aralde- Sobrán e Vilar-Bamio, coa seguinte desagregación:

DATA	HORA	CENTRO EDUCATIVO
5 maio 2025	10:00	Montaxe, ensaio xeral Auditorio Municipal
6 maio 2025	11:00	Concerto Auditorio Municipal Participan: C.E.I.P. Arealonga C.E.I.P. A Lomba C.E.I.P. Anexo-Lomba C.E.I.P. Piñeiriño C.E.I.P. Escardia C.E.I.P. Vilaxoán C.E.I.P. Rubiáns C.E.I.P. Carril Colexio San Francisco Colexio Sagrada Familia C.E.E. Vilagarcía E.E.I. Aralde-Sobrán E.E.I. Vilar-Bamio

Serán máis de 600 nenas e nenos os que participarán neste concerto no Auditorio Municipal con formato interactivo, a través dun amplo percorrido polos diferentes estilos da música moderna.

Para a realización da citada actividade, solicitouse presuposto para 4 autobuses de 55/59 para o desprazamento e regreso ó Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa o 6 de maio con motivo da asistencia ao concertó didáctico “Clásicos Divertidos Século XX” organizado pola Escola Municipal de Música de Vilagarcía e promovido pola Concellería de Educación para os seguintes centros educativos:

- CEIP de Vilaxoán (1), CEIP Piñeiriño (1), CEIP Rubiáns (1), Carril (1)

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL, por un importe total de 720,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799, polo servizo de traslado con catro autocares dos alumnos dos centros de educación indicados.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1252

Logo da aprobación pola XGL na sesión do 17/02/2025 da proposta do PROXECTO CANTAROUSA 2025 así coma do orzamento para a súa execución, compe proceder á realización das diferentes propostas de gasto para o seu correcto desenvolvemento. Neste caso trátase do aluguer do servizo de autobuses para a realización do ensaio xeral que terá lugar o mércores 23 de abril entre as 10:00 e as 13:00 horas no Auditorio Municipal.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Pereira SL polo importe total de 720,01€ (654,55 € + o 21 % do IVE 65,46 €), con cargo á partida 320.223, para a realización dos traslados necesarios para o ensaio xeral do Proxecto CantArousa 2025 o día 23 de abril.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1253

Logo da aprobación pola XGL na sesión do 17/02/2025 da proposta do PROXECTO CANTAROUSA 2025 así coma do orzamento para a súa execución, compre proceder á realización das diferentes propostas de gasto para o seu correcto desenvolvemento. Neste caso trátase da adquisición de camisetas para todos os participantes no proxecto.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Débora Fontenla Oliveira polo importe total de 2.758,80 € (2.280,00 + 478,80 do 21% IVE) con cargo á partida 320 22602 para o subministro de 600 camisetas brancas de 150 grs. de diferentes tallas coa impresión diante do Logo do CantArousa en gris, vermello, azul e amarelo en tamaño 28 x 14 cm. e detrás a impresión do Logo do Concello a un color tamaño 10 cm.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1254

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a proposta da oferta pública de prazas para o curso 2025-2026, seguinte:

ESPECIALIDADE	G. ELEMENTAL	G. PROFESIONAL	TOTAL
CLARINETE	2	2	4
FRAUTA	2	2	4
GUIARRA	1	1	2
PERCUSION	1	1	2
PIANO	3	2	5
SAXOFÓN	1	1	2
TROMBÓN	1	1	2
TROMPA	0	1	1
TROMPETA	1	2	3
VIOLIN	2	4	6
VIOLONCHELO	2	1	3
TOTAL	16	18	34

Segundo: Aprobar o calendario de matriculación seguinte:

- Matriculación nas probas de acceso para o curso 2025-2026: do luns 28 de abril ao venres 9 de maio de 2025
- Matriculación para o alumnado actualmente matriculado no centro para o curso 2025-2026: do mércores 4 ao venres 6 de xuño de 2025
- Matriculación para o alumnado que ten superado as probas de acceso de xuño 2025 para o

curso 2025-2026: do luns 9 ao mércores 11 de xuño

- Solicitudes de traslado de expediente e acceso extraordinario curso 2025-2026: do 28 de abril ao 11 de xuño
- A matriculación do alumnado realizarase preferiblemente online, aínda que aquelas familias que teñan dificultades en realizala deste xeito poderán acudir á Secretaría do centro para a súa formalización.

Do luns 24 ao venres 28 de abril de 2023: matrícula nas probas de acceso para o curso 2023-2024.
Do martes 23 ao xoves 25 de maio de 2023: matrícula para o alumnado actualmente matriculado no centro para o curso 2023-2024.

Do luns 29 ao mércores 31 de maio (presencialmente só en horario de mañá): matrícula para o alumnado que ten superado as probas de acceso de xuño 2023 para o curso 2023-2024.

A matriculación do alumnado realizarase preferiblemente online, aínda que aquelas familias que teñan dificultades en realizala deste xeito poderán acudir á Secretaría do centro para a súa formalización.

Terceiro: Autorizar á Dirección do centro para:

- A adopción das medidas organizativas precisas e necesarias para poder levar a cabo a matriculación de alumnado para o vindeiro curso 2025-2026.
- A modificación da oferta pública de prazas e do calendario de matriculación, no suposto de ser urxente e necesario, informando de seguido a XGL e mantendo en calquera caso os límites actuais de contratación do profesorado.

PRP2025/1265

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinatura do Contrato de Patrocinio para a financiación da VIII Edición do Festival Internacional de Música Clásica 2024 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e D. Ramiro Carregal Rey, cunha aportación de 6.000,00 €, que se destinará a gastos diversos para o correcto desenvolvemento do Festival.

MERCADOS

PRP2025/1270

Dáse conta do escrito presentado por Dona Araceli Rey Fontenla, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, e Dona Mónica Suárez Mosquera, en representación da Asociación da APAV da Praza de Abastos de Vilagarcía solicitando autorización para o cambio de mercado, do sábado 17 de maio ao venres 16 de maio de 2025, e do mercado do sábado 1 de novembro ao venres 31 de outubro de 2025, por coincidir en festivos, así como a apertura da Praza de Abastos o día 17 de abril de 2025 (Xoves Santo).

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/1163

A Concellería de Xuventude solicita á Xunta de Goberno Local, a ampliación do orzamento aprobado pola XGL do 16 de decembro de 2024, para a realización da seguinte acción cultural:

FESTA DA TOMA DAS UVAS 24. Ao revisar a proposta de gasto presentada, detectouse un erro na contabilización do importe en concepto de sonorización, animación musical e retransmisión da Festa, xa que non se incluíu o iva correspondente. Trátase dunha omisión involuntaria e o importe correcto co iva engadido, ascendería a un total de 3.327,50 €.

Debido a que no seu momento, por un erro material, non se tivo en conta a porcentaxe de iva a aplicar ao gasto en concepto de sonorización, animación musical e retransmisión, é necesaria a ampliación da cantidade acordada pola XGL do 16 de decembro de 2024, por un importe total de 577,50 € (cantidade correspondente á aplicación da porcentaxe de iva do 21%).

A presente ampliación supón a aprobación por parte da Xunta de Goberno Local dunha cantidade total de 577,50 €, a cargo da partida de Xuventude, para o seguinte suministro:

EMPRESA	CIF	NÚMERO DE FACTURA	DATA	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
TITO LEAS S.L	B56314610	001/2025	1/1/25	Sonorización, animación musical e retransmisión	3.327,50 € (iva do 21% engadido)	Concellería de Xuventude

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- A corrección do erro relativo á omisión involuntaria da porcentaxe de iva no gasto en concepto de sonorización, animación musical e retransmisión, presentado porla empresa arriba indicada.
- A aprobación da ampliación do orzamento acordado pola XGL do 16 de decembro de 2024, por un importe de 577,50 € (iva engadido), a cargo da partida 2314.22610.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1272

Dáse conta da proposta da Concellería de Medio Ambiente:

A entidade mercantil URBASER S.A.U remitiu notificación en relación coa necesidade de remisión de documento identificativo para o transporte de residuos de orixe municipal.

- En relación cos residuos mencionados son de orixe municipal a lexislación recolle especificamente que o operador de traslado será a entidade local.
- Urbaser S.A.U. é a empresa encargada da recollida de lixo nas diferentes fraccións que se citan nesta proposta, logo de adxudicación do contrato administrativo de referencia.
- Urbaser S.A.U. dispón de todas as autorizacións administrativas correspondentes para transportar os residuos, particularmente os categorizados RMP, que se aplican dentro do seu ámbito de competencia profesional.

O RD 553/2020 recolle especificamente a posibilidade de que as entidades locais podan autorizar por escrito á empresa que presta o servizo para que actúe no seu nome como operador de traslado; o artigo 2 desta norma dispón que

“...nos residuos de competencia municipal, o operador do traslado será a entidade local. No caso en que a devandita competencia se leve a cabo de maneira indirecta a través de calquera das formas previstas na lexislación sobre réxime local, a entidade local poderá autorizar por escrito á empresa que presta o devandito servizo para que actúe no seu nome como operador do traslado...”

Por todo isto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar, delegar a obriga desta administración local para que URBASER S.A.U. actúe no nome do concello de Vilagarcía como operador de traslado para os residuos suxeitos a consideración no contrato administrativo de aplicación e que son os seguintes:

- residuos da fracción envases lixeiros
- residuos da fracción papel e cartón en colector

- residuos da fracción restos en colector
- biorresiduos FORM
- residuos de cartón comercial
- residuos voluminosos
- residuos verdes e restos de poda
- residuos procedente do punto limpo

CULTURA

PRP2025/1187

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento correspondente á Celebración dos Maíos 2025 e a adxudicación correspondente conforme aos orzamentos presentados, por un importe total de 4.360,00 €, coa seguinte desagregación:

PARTIDA	NOME FISCAL	CIF	CONCEPTO	IMPORTE
334.48100			Participación Festa dos Maíos 2024	3.700,00€
334.22609	PANIFICADORA VICTOR CORDO E HIJOS SL	B36322758	85 kg. roscas (prezo por kg. 16,50 €)	1.402,50€ (IVE incluído)
334.22699	ADEMAR SILVOSO ABAL	76867504D	Presentación Festa dos Maíos	423,50€ (IVE incluído.
334.22609			IMPREVISTOS	500,00€
TOTAL GASTO				6.026,00 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1239

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños a Golpelleira de A Torre, por un importe total de 1.939,45€:

Concepto	Importe	Partida	Provedor
Actuación musical o día 4 de outubro no Centro Cultural A Torre	495,00 €	334.22703	Javier Sánchez Solla (35447398M)
Actividade Infantil (Inchables, tobogan, etc) 5 de outubro	1.240,25 €	334 22703	Vázquez SC (Infantilandia.
Compra de material (según presuposto que se xunta)	204,20€	334.22703	Servicios Técnicos del Noroeste S.L.
	1.939,45 €		

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1240

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación MM.RR. A Piñousa de Cea por un importe total de 1.989,82€ con cargo á partida 334.22703:

PROVEEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	CORRIENTE	INVERSIÓN	TOTAL C+I
DISTRIBUCIONES FROIZ	A36036739	Diverso material	490,02€		490,02 €
CASTROMAN ISL	B36406650	Diverso material	1.499,80€		1.499,80€
		TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL CEA			1.989,82€

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1241

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Agustín Romero, por un importe total de 1.999,80€:

PROVEEDOR	CIF/NIF	CONCEPTO
ANA BELEN DÍAZ CASAL	35461962X	Limpeza Centro Cultural de Cornazo durante o ano 2025(dous días á semana, luns e xoves, 2 hrs. cada día a razón de 166,65€ mensuais)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1243

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Miguel de Trabanca Badiña, por un importe total de 1.980,69 €, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Compra Roomba	410,00€	Castroman I, S.L.
Limpeza baño e zonas comúns de agosto a decembro	1.016,40 €	Verónica Otero Zas
Material Informático	254,29€	Axóuxera Informática, S.L.
Compra lote de libros	300,00€	Librería Follas Novas Arousa, S.L
TOTAL	1.980,69€	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1245

Vista a solicitude de Don Manuel Oubiña Saavedra e/n Asociación de Festas Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Cibrán o vindeiro 9 de xuño de 2025 en Sobradelo:

- Actuación asociación Cultural Nós de Sobradelo, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/1260

O pasado día 4 de marzo de 2025 (martes de entroido) celebrouse o Desfile de Disfraces e Carrozas.

Na X.G.L., sesión que tivo lugar o día 17 de febreiro de 2025, adoptou acordar a aprobar as bases do Entroido 2025, coa celebración do Desfile de Disfraces e Carrozas, e co establecemento dos premios que figuran nas mesmas.

O gasto correspondente os premios Desfile de Martes de Entroido o día 04/03/2025, segundo o establecido nas bases, que ascende a un total de 6.800,00€ con cargo a partida 334.48100.

Dado que un premio quedou deserto (3º premio individual infantil, por importe de 50,00€)), e da cantidade asignada para Accedit Choqueiros, de 500,00€, na que solo participaron catro que fai un importe total de premios de 300,00€, resulta un sobrante da partida correspondente 334.48100 que ascende a cantidade de 250,00€, que deberá ser reintegrado a partida anteriormente indicada. A continuación se detalla os premios desertos e cantidades sobrantes:

- 3º INDIVIDUAL INFANTIL: 50,00€
- ACCEDIT CHOQUEIROS:200,00€

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º: O Recoñecemento de Obriga a favor dos premiados no Desfile de Disfraces e Carrozas 2025, coa seguinte desagregación:

PREMIO	MODALIDADE	NOME (TRANSFERENCIA)	DNI	CONTA BANCARIA	IMPORTE
1º PREMIO	INDIV. INFANTIL	ANA Mª MARTÍNEZ URGAL	77405697W	ES36-2080-0547-6130-0002-0877	100,00€
2º PREMIO	INDIV. INFANTIL	SHEILA TORRES IGLESIAS	35598353B	ES58-2100-1785-4202-0049-1227	75,00€
1º PREMIO	PARELLA INFANTIL	ANA Mª MARTÍNEZ URGAL	77405697W	ES36-2080-0547-6130-0002-0877	150,00€
2º PREMIO	PARELLA INFANTIL	ALEXIA RODRÍGUEZ LEMOS	35484547D	ES71-2080-5019-4930-4001-3532	100,00€
3º PREMIO	PARELLA INFANTIL	JOSÉ ANGEL GORIS LÓPEZ	44805432Y	ES43-0238-8273-6507-0507-1451	75,00€
1º PREMIO	INDIV. ADULTO	OSCAR ALVÁREZ BUCETA	35481364T	ES42-2080-5019-4230-0018-6294	100,00€
2º PREMIO	INDIV. ADULTO	ELENA RUIBAL PEREIRA	76828387S	ES78-0049-1241-3721-1010-2793	75,00€
3º PREMIO	INDIV. ADULTO	MARCOS VÁZQUEZ PORTILLO	77404685W	ES46-2080-5112-6930-0008-7032	50,00€
1º PREMIO	PARELLA ADULTO	FÁTIMA GUIMARÁNS FRAGA	77413085F	ES21-2100-2188-8102-0069-0022	150,00€

2º PREMIO	PARELLA ADULTO	SEBASTIÁN CALVIÑO COREMANS	77550398X	ES23-2080-5110-7530-4000-4886	100,00€
3º PREMIO	PARELLA ADULTO	Mª JESÚS SEOANE BARCALA	35441264N	ES59-2100-6045-9101-0011-7003	75,00€
1º PREMIO	GRUPO ATA 20	ASOC.MM.RR. O MARCO	G36166916	ES30-2080-5050-2930-0006-9488	648,00€
IRPF 19% (800.00€) 1º PREMIO – 20 (AA.MM.RR. O MARCO)		CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B		152,00€
2º PREMIO	GRUPO ATA 20	JOSÉ MANUEL IGLESIAS FRESCO	35428214A	ES83-0049-6616-8221-1003-9813	405,00€
IRPF 19% (500,00€) 2º PREMIO – 20 (JOSÉ MANUEL IGLESIAS FRESCO)		CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B		95,00€
3º PREMIO	GRUPO ATA 20	ELENA CODINA MOLEDO	44078047L	ES92-2080-5149-1370-0002-6859	300,00€
1º PREMIO	GRUPO MÁIS 20	ANPA A ESCARDIA	G36145209	ES09-2080-3122-1830-4000-6548	1.053,00€
IRPF 19% (1.300,00€) 1º PREMIO GRUPO + 20 (ANPA A ESCARDIA)		CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B		247,00€
2º PREMIO	GRUPO MÁIS 20	ASOC. CULTURAL TRAZOS	G94173325	ES45-2080-5139-2130-4002-7123	648,00€
IRPF 19% (800,00€) 2º PREMIO GRUPO + 20 ASOC. CULTURAL TRAZOS		CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B		152,00€
3º PREMIO	GRUPO MÁIS 20	ASOC. CULTURAL OS REMLÓNS	G36433571	ES03-2080-5067-1330-4003-7109	405,00€
IRPF 19% (500,00€) 3º PREMIO GRUPO + 20 (ASOC. CULTURAL OS REMOLÓNS)		CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B		95,00€
ANIMACIÓN	GRUPO MÁIS 20	RICARDO GARCÍA MAURICIO		ES88-0182-0639-3202-0152-2545	405,00€
IRPF 19% (500,00€) PREMIO ANIMACIÓN (RICARDO GARCÍA MAURICIO)		CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B		95,00€
CARROZA	GRUPO MÁIS 20	ANA Mª PAZOS OSORIO	35461433X	ES66-0182-0639-3102-0161-4752	405,00€
IRPF 19% (500,00€) PREMIO MELLOR CARROZA (ANA Mª PAZOS)		CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B		95,00€
CHOQUEIRO	INDIVIDUAL	NATI BUCETA VILLANUEVA	35484330E	ES87-0182-1294-1302-0462-6754	50,00€
CHOQUEIRO	INDIVIDUAL	Mª DEL CARMEN CORES RIVEIRO	35425136F	ES04-2080-1073-3530-0000-3799	50,00€
CHOQUEIRO	GRUPO	ANGEL RODRÍGUEZ	35428477J	ES83-0182-0639-	100,00€

		PORTAS		3302-0170-8729	
CHOQUEIRO	GRUPO	SILVIA PIÑEIRO FERÁNDEZ	35470109S	ES64-2080-0522-9130-0009-3000	100,00€

2º: Así mesmo acórdase o reintegro á partida correspondente a cantidade resultante do sobranche do gasto aprobado (6.800,00€) menos o gasto de premiados (6.550,00€), que ascende a 250,00€.

CONTRATACIÓN

PRP2025/1227

Dáse conta de resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, pola que se concede unha subvención ao concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, CIF:P3606000B, ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), por importe de 12.281,50 euros co obxecto do financiamento da actuación denominada “SUBMINISTRACIÓN DUNHA CASETA PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE A PELADA”, Expediente nº 2025003558 cuxo orzamento ascende a 12.281,50 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Orzamento	Subvención II PEID	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
12.281,5 €	12.281,50 €	0,00 €	0,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1250

Por acordo da XGL de 17/03/2025 adxudicouse á mercantil Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L, o contrato menor de obras denominado “Acondicionamento da nova parada de Taxis na Avda. da Mariña” por importe de 7.538,75 € (IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria 1530-22108, coa finalidade de levar a cabo as actuacións necesarias para a reubicación da parada de taxis na Avda. da Mariña.

No orzamento inicial presentado pola empresa adxudicataria do contrato, non se contemplou, por erro, o pintado de bordo e cuneta con pintura de tráfico reflexiva acrílica en color amarelo na nova parada de taxis, tal e como obriga a normativa de estradas e marcas viais, polo que se solicitou á empresa contratista, Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L, un novo orzamento para o pintado do bordo e cuneta con pintura de tráfico reflexiva acrílica en color amarelo, presentando esta o seguinte orzamento:

Contratista	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.	805,68 €	974,87 €

O orzamento presentado supón un incremento do 12,93% sobre o prezo inicial do contrato.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do contrato menor de obras denominado CT 33/2025, “Acondicionamento da nova parada de taxis na Avda. da Mariña”, por importe de 805,68 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 169,19 €, o que totaliza un importe de (IVE engadido) de 974,87€ e adxudicar a mesma á empresa Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L. (B36533537), con cargo á aplicación orzamentaria 1530-22108.

O prezo do contrato modificado é o seguinte:

	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	IMPORTE IVE INC.
--	-----------------	-----------	------------------

Importe inicial do contrato	6.230,37 €	1.308,38 €	7.538,75 €
Importe modificación proposta	805,68 €	169,19 €	974,87 €
Importe contrato modificado	7.036,43 €	1.477,65 €	8.514,08 €

PRP2025/1251

Por resolución da alcaldía de data 10 de decembro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para adxudicar mediante procedemento aberto simplificado previsto no art.159 da Lei 9/2017 LCSP, tramitación ordinaria do expediente e mediante licitación electrónica a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público (PLACSP), o contrato denominado “Servizo de asistencia xurídica no Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Vilagarcía de Arousa.”, cun orzamento de licitación que ascende a 30.004,13 € (IVE engadido), con cargo á aplicación orzamentaria 2312- 22604 , que se desagrega do seguinte xeito:

Anualidade 2025: 15.002,07 €

Anualidade 2026: 15.002,06 €

TOTAL: 30.004,13 €

Vistas as actas do órgano de asistencia do expediente de referencia, resulta que:

1.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, concorre un único licitador:

NIF: 35434077R MARIA PURIFICACIÓN PÉREZ PADRÓN

Sendo admitida á licitación.

2.- A oferta presentada polo licitador foi a seguinte:

Licitador	Oferta económica sen IVE	21% IVE	Oferta económica con IVE
MARIA PURIFICACIÓN PÉREZ PADRÓN 35434077R	24.976,80 €	5.207,33 €	30.004,13 €

3.- Deseguido procédese a valorar a oferta presentada polo licitador.

Unha vez aplicados os criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP o resultado da valoración é o seguinte:

LICITADOR	OFERTA ECONOMICA SEN IVE	Puntuación Oferta Económica	Puntuación Formación do profesional responsable da execución do contrato	Puntuación antigüidade como letrada colexiada exercente	TOTAL PUNTOS
María Purificación Pérez Padrón 35434077R	24.976,80 €				
		0 puntos	4 puntos	20 puntos	24 puntos

4.- O Órgano de asistencia concluíu a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación, de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orden: 1NIF: 35434077R María Purificación Pérez Padrón Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 24

Total puntuación: 24

5.- O órgano de asistencia, de conformidade co disposto polo art. 150 da Lei de Contratos do Sector Público, acordou en sesión de data 05/02/2025:

1. Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “SERVICIO DE ASISTENCIA XURÍDICA NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, cun orzamento de licitación de 30.004,13

€ (IVE incluído) ao licitador con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: 35434077R María Purificación Pérez Padrón, de conformidade coa súa propia oferta, por ser a mellor valorada e por ende, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación:

Oferta do licitador NIF: 35434077R María Purificación Pérez Padrón:

Prezo ofertado: 24.976,80 € (sen IVE) ao que lle corresponde un IVE do 21 % de 5.207,33 € sendo o importe total, IVE incluído, de 30.004,13 €.

